



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP PLURILINGÜE A FLORIDA

Rúa Ricardo Santos, 16. 36960 - Sanxenxo

Tel.: 886.151.645 - Fax: 886.151.650

E-mail: ceip_aflorida@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/ceipaflorida



PLAN DE IGUALDADE



**CEIP PLURILINGÜE
A FLORIDA**

1.- INTRODUCCIÓN

2.- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIfobia

4.- OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

4.1.- PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

4.2.- PREVENCIÓN E DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

4.3.-PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL

4.4.- PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIfobia

5.- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTE

ÁMBITOS

5.1.- ORGANIZACIÓN DE CENTRO

5.2.- ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.

5.3.- XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.

5.4.- INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

6.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

1.- INTRODUCCIÓN

A igualdade de dereitos e oportunidades entre as mulleres e os homes, así como a perspectiva de xénero, deben integrarse en todas as etapas do sistema educativo e en todos os seus niveis coa finalidade de promover os valores necesarios para o exercicio dunha cidadanía democrática e para construír unha sociedade máis xusta e igualitaria.

A escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre nos colexios é un reflexo do que ocorre na sociedade, nun principio como espello e despois como reflexión de volta cara á sociedade de novo. Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real.

Cómpre ter en conta que as aulas son tan diversas como o é a sociedade; con todo, ás veces a diversidade, como é o caso da afectivo-sexual, aínda non se visibiliza nin se respecta, senón que se rexeita por contravir “o correcto” e “o normal”. De aí a importancia de traballar esa diversidade desde o sistema educativo.

É preciso polo tanto prestar atención ao proceso de convivencia nos centros educativos para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

Por todo o exposto é necesario e imprescindible elaborar este plan específico de Igualdade no ámbito educativo co fin de abordar a temática da coeducación e a prevención da violencia de xénero desde unha perspectiva estrutural, integral e transversal.

Cómpre resaltar que o presente plan elabórase como un **compromiso** da nosa escola coa igualdade de oportunidades e de xénero coa finalidade de promover a construción dun novo modelo formativo capaz de abranguer por igual o feminino e o masculino. O camiño para avanzar cara á igualdade é a educación. **O respecto, a liberdade e a igualdade** son tres dos piares básicos. Desde as aulas podemos e debemos ensinarlles aos nenos e ás nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos.

A igualdade entre mulleres e homes constitúe un principio reitor das sociedades democráticas, e así se recolle e multitude de normas de ámbito internacional, estatal e autonómico:

- A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, manifesta no se preámbulo que a educación é o medio de transmitir e de renovar a cultura e o acervo de coñecementos, así como os valores que a sustentan.
- No Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no Artigo 11.

“Elementos transversais, punto 3:

“Así mesmo, a consellería competente en materia educativa promoverá o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social“

“Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.”

Neste punto, cómpre aclarar os seguintes termos:

Educar é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral.

Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo. A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero.

En relación ao anterior teranse presentes na practica docente os diversos **protocolos** de actuación da Consellería de Educación xa que deberán rexer a convivencia do noso centro así como os procedementos para corrixir os seu incumprimento no eido da igualdade, destacamos os seguintes:

- ❑ **PROTOCOLO DE IDENTIDADE DE XÉNERO**
- ❑ **PROTOCOLO PROTECCIÓN DE DATOS**
- ❑ **PROTOCOLO DE ACOSO E CIBERACOSO**
- ❑ **PROTOCOLO DE RISCO SUICIDA**
- ❑ **PROTOCOLO DE URXENCIAS SANITARIAS**

Toda persoa é clasificada no momento do nacemento como home ou muller o cal, nas persoas transexuais, xera un conflito ao estar clasificadas dentro dun sexo que non perciben como propio. Algúns termos de interese a este respecto son:

- **Expresión de xénero:** formas de manifestar o xénero dunha persoa, que se manifesta nas maneiras de falar, mostrarse ante outras persoas, vestirse, a elección de xoguetes ou as actividades que prefire.
- **Identidade de xénero:** é o sentimento íntimo de identificación como home ou muller, independentemente dos xenitais ou a dotación

cromosómica que a persoa posúa.

- **Identidade rexistral:** é a que se fai no momento do nacemento.
- **Transexualidade (Trans*):** é a situación na que se atopan as persoas cuxa identidade rexistral non coincide coa súa identidade de xénero.
- **Cissexualidade:** é a situación na que se atopan as persoas nas que as súas identidades, rexistral e de xénero, son coincidentes.
- **Orientación sexual:** é a atracción emocional, romántica, sexual ou afectiva cara a outras persoas.

De seguido recóllense os seguintes eixes que rexerán o presente Plan de Igualdade:

EIXE 1	Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.
EIXE 2	Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.
EIXE 3	Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara o éxito escolar, proporcionando modelos profesionais vitais e diversos que rompan cos roles de xénero e favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva.
EIXE 4	A educación dende a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, coa finalidade de acadar unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva.
EIXE 5	Traballar nos centros educativos as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémico no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer unhas relacións positivas e pacíficas para todos os membros da comunidade, facilitando orientacións para a adaptación e inclusión no plan de convivencia do centro, que permitan previr e detectar condutas que se integran no gradiente da violencia de xénero e realizando actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa.

EIXE 6	Abordar a detección precoz e proporcionar unha resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e a outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.
---------------	--

2.- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

Co obxectivo de garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual, publícase a **Lei 2/2014**, que inclúe a mención expresa á eliminación de calquera indicio de discriminación que poidamos apreciar no sistema educativo, entre outras, por razóns de identidade de xénero.

Xa no noso **Plan de convivencia**:

- 1.- Propoñémonos fomentar valores democráticos para a convivencia, tales como: a tolerancia, a igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade,
- 2.- Definimos como faltas de respecto entre os/as membros da Comunidade Escolar, ben sexa entre profesorado-alumnado, persoal non docente-profesorado, pais/nais-alumnado, pais/nais-profesorado, alumno/a-alumno/a, etc.
- 3.- E reflectimos o trato discriminatorio por razón de sexo, cultura, relixión ou ideoloxía.

No **PAT**, especificamos:

- 4.- A necesidade de contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz, e cara á participación razoada e responsable na toma de decisións.

3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIfobia

Tralo análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa

violencia de xénero e coa LGBTIfobia podemos destacar como situación de partida que non se perciben diferenzas significativas, nin fendas de xénero no referente a :

- Representación de profesorado e alumnado nos distintos órganos de decisión.
- Escolarización nas distintas etapas educativas e matrícula
- Necesidades específicas de apoio educativo ou nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do alumnado no seu grupo de referencia.
- Abandono escolar temperán ou absentismo escolar.
- Rexistro de condutas contrarias á convivencia.
- Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias

A pesares de non detectar fendas de xénero nos apartados anteriormente mencionados. O noso centro desenvolverá ao longo do presente curso as seguintes medidas como actuacións preventivas e favorecedoras da igualdade, como por exemplo:

- **CONTRATO-PROGRAMA MELLORA DA CONVIVENCIA:** o noso centro fará melloras dentro da xestión dos espazos mediante a estruturación dos espazos de lecer para:
 - Garantir que os diferentes intereses do alumnado teñan o seu propio espazo.
 - Evitar monopolios nos patios de determinados xogos.
 - Favorecer o uso das habilidades sociais en contextos funcionais.
 - Formar ao alumnado en estratexias de mediación e resolución de conflitos.
 - Favorecer o desenvolvemento do **Programa “Somos mediadoras e mediadores”**, programa da escola para axudarnos.
- **PLAN DIRECTOR. USO SEGURO DE NOVAS TECNOLOXÍAS e**
Prevencción do Acoso

→ **TALLER DE EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA.** Incluiremos de xeito transversal a todos os niveis de primaria pautas para o uso non sexista da linguaxe.

4.- OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

4.1.- PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

- Elaborar orientacións para a valoración de **materiais didácticos** desde o punto de vista da perspectiva de xénero.
- **Revisar materiais didácticos** vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero.
- **Realizar accións informativas** con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación no centro desde o respecto e a integración da igualdade.
- Crear un **espazo web dentro do portal** educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.
- Promover a participación e implicación das familias no traballo coeducativo.

4.2.- PREVENCIÓN E DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

- Fomentar a **oferta de actividades formativas** no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectiva e sexual.
- Realizar unha guía básica de **detección precoz da violencia de xénero** que sirva como ferramenta de prevención entre o alumnado e proporcione pautas de actuación ao profesorado

4.3.-PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL

- Intensificar a formación do profesorado para o tratamento da diversidade afectiva e sexual no ámbito educativo.

- Configurar e xestionar **maletas viaxeiras** para sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.

4.4.- PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIfobia

- Identificar e difundir as **boas prácticas e materiais de referencia** para realizar unha orientación vital libre de prexuizos.
- **Elaborar unha publicación divulgativa** para o profesorado para difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.

5.- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUENTES ÁMBITOS

5.1.- ORGANIZACIÓN DE CENTRO

No centro **estanse a desenvolver a nivel organizativo as seguintes actuacións vencelladas á igualdade:**

- Nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar: Ángeles García Castro
- As NOFC recollen os procedementos oportunos para a activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero. Así como tamén as medidas de acompañamento do **protocolo de identidade de xénero**.
- A coeducación será recollida e traballada como **obxectivo** de área e/ou elemento **transversal nas programacións didácticas** en todas as etapas e en todos os seus niveis do centro.
- A coeducación estará presente no Proxecto Educativo e na PXA como marca de identidade do centro mediante os seus diferentes plans e proxectos.
- Destacar que o **proxecto anual de centro** está dedicado á “**Maxia e Ciencia**” Entre as súas actividades está a de visibilizar as achegas de mulleres científicas, unha por aula así como tamén mulleres científicas con diversidade funcional por parte do Departamento de Orientación.
- No primeiro trimestre farase unha valoración previa da situación da igualdade de xénero e da violencia machista no centro mediante o uso

técnicas de recollida de datos como o cuestionario e a folla de rexistro.

- **Innovación educativa. Plans Proxecta. Donas de SI:** o centro desenvolverá ao longo do presente curso esta actividade de innovación froito da colaboración da Consellería de Educación e a Consellería de Igualdade.

Igualdade e coordinacións con outros organismos:

- **CIM SANXENXO, Centro de Información da Muller de Sanxenxo:** nos últimos anos, o centro emprega as mochilas da igualdade do CIM nos primeiros niveis de primaria como forma de traballar a igualdade de xeito coordinada coas familias.
- **CIM SANXENXO, Centro de Información da Muller de Sanxenxo:** Empregaremos os “**Xogos da Igualdade**” doados polo CIM.
- **CFR PONTEVEDRA:** Ampliación dos fondos ofertados pola escola coas Maletas da Igualdade: alumando e recursos para o profesorado.

Actividades formativas específicas sobre obxectivos coeducativos:

- **Formación permanente do profesorado:** Parte do claustro ten foi admitido en diferentes formacións do CAFI ou CFR vencelladas á coeducación, como pode ser a actividade “Commemorando a igualdade” do **CFR Pontevedra**.
 - **PFPP, 2º ano, liña de robótica.** Entre os diferentes obxectivos desta liña está o de despertar vocacións científicas nas alumnos coa finalidade de previr unha futura fenda laboral entre xéneros.
 - **PFPP. 1º ano de formación en SEM (School Enrichment Model)** coa finalidade de proporcionar unha aprendizaxe enriquecida para o desenvolvemento do talento a partir dos intereses de cada alumno/a e polo tanto una atención máis individualizada do alumnado.
- No Plan de convivencia recóllense as accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia (apartado dereitos e deberes de cada membro da comunidade educativa)

- A **Comisión de Convivencia** prestará especial atención á prevención da violencia de xénero, á igualdade e á non discriminación nas normas de organización, funcionamento e convivencia.
- Destacar que nas **NOFC** como na **PXA** recóllense coeducativos concretos como o cumprir e facer cumprir os dereitos e deberes da comunidade educativa.
- Empregar en todos os documentos do centro a **linguaxe coeducada**.

Celebración das datas coeducativas do calendario escolar:

Día internacional contra a violencia de xénero	25 de novembro
Día da muller	8 de marzo
Celebracións LGTBI	xuño

5.2.- ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.

- Compromiso do profesorado na **revisión das programacións didácticas** desde unha perspectiva de xénero para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber.
- Traballar sobre os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres para reflexionar o porque desta realidade.
- Compromiso do profesorado da **revisión do material didáctico** empregado na aula (valores, normas, representacións, selección de contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe e da proposta de actividades.
- Realizar actividades de información e **sensibilización na aula**.
- Pedir a **colaboración das familias** no uso da linguaxe coeducada, elaboración de algún material para expoñer na aula coa temática de igualdade de oportunidades e de xénero. Favorecerase a promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
- **Elaboración e difusión dun tríptico resumo** deste plan e por a

disposición da comunidade educativa o plan de Igualdade.

- Usar de forma consciente unha **linguaxe inclusiva e igualitaria** na actividade do centro tanto o alumnado como o profesorado.

5.3.- XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.

- Incorporación de novos fondos á biblioteca de centro e as das aulas tomando como referente a [Guía de Literatura Infantil e Xuvenil para a Igualdade](#) da Consellería de Educación para abordar unha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado
- Contrato - Programa Convivencia: Estructuración dos espazos de lecer para evitar monopolios nos patios e espertar centros de interese diversos Mediación. Autonomía na resolución pacífica de conflitos.
- Ciberespazo. Plan Director: Novas Tecnoloxías.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto a diversidade sexual e de xénero.

5.4.- INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

- situar un **buzón violeta** no centro, para que o/a alumna/ poida escribir calquera acción observada ou sufrida que sexa contraria á igualdade de xénero, violencia, así como a calquera discriminación ante a diversidade sexual.
- Este ano en colaboración coa biblioteca, solicítouse, no centro de formación e recursos, para xaneiro, a maleta viaxeira con títulos que inciden no tema da igualdade

6.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

ACCIÓN	DIRIXIDA A	FEITA/ PENDENTE	VALORACIÓN
Revisar materiais didácticos	Profesorado		
Espazo web	Profesorado		
Fomentar a oferta de actividades formativas	Profesorado		
Colaboración das familias na elaboración de materiais	Familias		
Revisar contidos audiovisuais	Profesorado		
Uso da linguaxe coeducada	Profesorado, alumnado e familias		
Reflexión sobre os estereotipos de xénero	Profesorado, alumnado e familias		
Uso do buzón violeta	Alumnado		
Xestión da maleta de igualdade CIM /CFR	Profesorado/ alumnado		
Participación no Plan Proxecta “Donas de Si”	Profesorado/ alumnado		
Participación Contrato Programa Mellora Convivencia	Coordinadora		

REFERENCIAS NORMATIVAS:

- Constitución española de 1978
- Declaración universal sobre dereitos humanos
- Declaración dos dereitos da infancia e Convención sobre os dereitos da infancia.
- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia.
- Directiva 200/78/CE do Consello, do 27 de novembro de 2000.
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.
- Principios de Yogyakarta.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación coas modificacións previstas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

WEBGRAFÍA:

Igualdade Xunta de Galicia: <https://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade>

Secretaría Xeral de Igualdade:

<http://igualdade.xunta.gal/es/departamento/secretaria-xeral-da->

igualdade

Bibliotecas escolares, 8 de marzo:

<https://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/947>

Diccionario de Coeducación:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2017/09/26/37cfa2a39672ded599bfbf6d826aafe8.pdf

Guía Coeducativa de Infantil:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2017/09/26/c63595a0f883bda7fc0596e922f2d165.pdf

Guía Coeducativa de Primaria:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2017/09/26/1ba3981065e594da01a02ce9e25ea32c.pdf

Guía de Literatura Infantil e Xuvenil Para a Igualdade:

<http://igualdade.xunta.gal/gl/actualidade/xunta-presenta-unha-guia-de-literatura-infantil-e-xuvenil-como-complemento-educativo>

Innovación educativa. Plan Proxecta. Donas de Si:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/9615>

Mujeres con Ciencia: <https://mujeresconciencia.com/>

Mulleres en Galicia: <https://igualdade.xunta.gal/>

Recomendacións para unha linguaxe non discriminatória:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2017/09/26/3858455c738ec1bbef6df491fc58b353.pdf